

Entrega de premio Losada Diéguez por Veu visitarme o mar. Ano 2005

Rosa Aneiros

Moldes, 11 de xuño de 2005

Autoridades, miñas señoras e meus señores,

Permítanme a emoción. Son moitas as cousas que pasan pola cabeza dunha autora cando constrúe un mundo, cando deixa a súa epiderme como vestimenta física namentres se converte noutra persoa de poros para adentro. Son moitas as cousas que bolen na imaxinación, que se contradín, que se multiplican, que se abrazan, que se ignoran, que se constrúen e mesmo se desdín. Son moitas as cousas, as ideas, a lacazanería, as ganas de deitar un texto, o desexo de acabar cun protagonista antes de que este acabe con unha... son tantas e tantas cousas, tantas horas e tantas dúbidas que unha, cando pon o punto e final dunha novela non sabe ben se rematou unha singradura ou se é a propia navegación quen deu cabo dunha. Pero sobre todo sabe que o texto non conclúe aí, que nunca remata cando unha pouso o rato do ordenador e respira -aliviada por un lado e aterrorizada polo outro- ante o silencio dos personaxes. O texto nace cando un lector ou lectora recolle o noso legado. Cando lle poñen rostro e voces aos protagonistas. Cando se deixan abrazar pola cálida angustia vital duns e polas derrotas dos outros. Antes só foran fantasías da autora, vostedes son quen dá a vida ás palabras.

Diso de palabras, seica faloron vostedes á hora de considerar a obra “Veu visitarme o mar” como a galardoada co premio Losada Diéguez á creación literaria. Faloron da batalla da mocidade por sobrevivir a un naufraxio colectivo a unha marea negra que foi física e que nos anegou hai dous anos pero, sobre todo, outras mareas negras que nos arrastra a propia incerteza do futuro. Eu faleilles da derrota, de antiheroes, de fracasos e do soño por erguer unha sociedade adurmiñada na inercia da choiva. Na inercia da sempiterna noite. Disque faloron tamén da lingua empregada, do reflexo fiel das expresións da xente. Seica faloron así das virtudes de “Veu visitarme o mar”, das miñas supostas virtudes á hora de abordar esta novela. Pois debo dicir que os enganei, que lles mentín a todos e todas.

Non é certo que sexa mérito meu contar esta historia. Alba, David, Andrea, Marcos, Lola, Lurdes... todos os protagonistas reflicten moitas das inquiredanzas que día a día a sociedade vai deitando. “Veu visitarme o mar” é unha crítica a unha realidade xorda e cega que non mira para as persoas senón para as súas traxectorias. É unha denuncia da soidade. Do illamento. Da vergoña. Do silencio. Daquelas miserias que estamos deixando como legado para o futuro. Eu non inventei nada. A historia estaba aí, eu cubrina de palabras.

Tampouco é certo que a virtude da lingua sexa miña, en todo caso das miñas orellas. A maneira de falar dos personaxes, o vocabulario, os retrousos e as imaxes regaláronme as persoas que saben ben desta lingua. Saben da súa fonética e do seu vocabulario, do refraneiro e mesmo da etimoloxía. Eles son os meus pais, que están hoxe aquí, as persoas que me agasallan día a día palabras coas que constrúo o mundo literario. Se eu son a arquitecta ou xefa de obra de cada construción literaria, eles son os canteiros. E sen pedra, non hai obra. Sen palabras non hai literatura. Así que xulguen vostedes se o premio mo deben dar a min ou a eles.... case prefiro que non contesten porque quedaría sen cinasco.

Confeseilles xa que ningunha das virtudes que valoraron en “Veu visitarme o mar” é miña pero, en todo caso, sexa esa a miña virtude, ese engano masivo ao que os conducín coas armas inocuas da palabra. Sexa eu premiada por mentireira porque, a fin de contas, iso é a literatura, unha gran mentira que soñamos, que compartimos autores e lectores, e que, en moitos casos, é máis verdade que a propia realidade que nos circunda.

Agradézolles profundamente este galardón. O meu agradecemento ao xurado, constituído por persoas que respecto enormemente (e esa, confeso, é unha das cousas que máis ilusión me fai do premio). O meu agradecemento e felicitación aos concellos do Carballiño e Boborás por esta fermosa iniciativa. O meu agradecemento, tamén, á familia de Losada Diéguez por manter a memoria, por loitar contra o esquezo. E, finalmente, a miña felicitación a Antón Costa Rico non só polo premio senón, permítaseme, polo seu traballo arreo na recuperación da memoria histórica, por esta gran Historia, este manual de obrigada consulta para todos aqueles que traballamos na investigación, que procuramos botar luz sobre o vivido.

Descúlpenme a extensión das miñas palabras pero, comprenderán, é probablemente o premio máis importante que me darán na miña vida así que, permítanme a emoción.